

CARREIRA ADMINISTRATIVA GRAOS I E II: PROCEDIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN (FUNCIONARIOS/AS)

Santiago de Compostela 23/07/24

Publicada a seguinte Resolución de emenda de documentación:

[RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación do procedemento de acceso aos graos I e II da carreira administrativa para o persoal funcionario por falta de acreditación de criterios de avaliación.](#)

Publícase a listaxe de solicitantes (anexo I) que deberán acreditar o cumprimento dos criterios de avaliación exixidos porque non consta a dita información no Fides.

Os criterios de avaliación deben cumprirse en 31/12/2023

– **NON SON VÁLIDOS OS CURSOS:**

- Feitos con posterioridade a esa data.
- Os convocados, organizados ou impartidos por organismos que non estean especificamente indicados nos artigos 15 e 17 da Orde do 29 de decembro de 2023.

Para acreditar o cumprimento dalgún dos criterios de avaliación debes:

- Solicitar a actualización dos méritos que constan no teu expediente.
- Acreditar cada mérito segundo se establece no anexo I da Orde do 29 de decembro de 2023.

ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:

– **FORMACIÓN:**

- Debes realizala a través do Fides: <http://fides.xunta.gal>
- Comproba os datos que figuran no teu expediente electrónico.
 - Consulta os méritos baremables neste proceso nas epígrafes **Formación, Actividade docente e/ou Idiomas**. Se figuran no estado de «**validados**», **non precisas realizar ningunha actuación**.
 - **Se non constan méritos ou están incompletos, incorpora a información non rexistrada** presentando a **solicitud de actualización** dos méritos xunto coa **documentación acreditativa** deles.
- Os méritos que figuren no estado de «**acreditación documental incompleta (DI)**» debes **acreditados**. Para elo:



- Presenta **toda a documentación** que figure incompleta e **xustifique** a totalidade do mérito rexistrado:
 - Se tes as **copias electrónicas auténticas** a través de **Fides** ou
 - Se **non tes copias electrónicas auténticas**, presentando a documentación de **maneira presencial**, xunto coa solicitude de actualización, no Rexistro.
- **MÉRITOS DAS LETRAS C A G DA ORDE DE CONVOCATORIA:**
 - Debes presentalos
 - **Preferiblemente** por vía electrónica: procedemento PR004A
 - Dirixido á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, sinalando o procedemento asociado AP504L Actualización de méritos.
 - **Excepcionalmente**, de forma presencial (artigo 16.4 da Lei 39/2015).

PRAZO SOLICITUDES

- **Dende o día 19 de xullo de 2024 e será de 20 días hábiles.**

IMPORTANTE:

As **persoas que estean incursas nun proceso** de estabilización derivado da **Lei 20/2021**, e **aqueloutras que xa presentasen documentación** que estea **pendente de validar** na plataforma **Fides** e **que sexa suficiente para acreditar** os criterios de avaliación neste procedemento de carreira administrativa, **non deberán volver a presentar a dita documentación.**

As **persoas solicitantes** relacionadas no **anexo** son requiridas para que, no prazo máximo de 20 días hábiles a partir do día 19 de xullo de 2024, acheguen os documentos preceptivos segundo o procedemento establecido. **De non o faceren**, considerarase que **desisten da súa petición**, logo de resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na **páxina web** de **Función Pública** <https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional> dispós de axuda con **instrucións** sobre o acceso, así como medios de contacto específicos en caso de **dúbdias ou problemas técnicos.**

